

Acta da Comisión de Calidade do día 14 de Marzo de 2013

Asistentes:

Dorribo Rivera, Jose Miguel
López Prieto, M^a Nieves
Rodríguez Domínguez, M^a Mar
Fernández Docampo, Belén
Pita Grandal, Ana María

Excusan a súa asistencia: Ruíz Hidalgo, Maria del Carmen; Jáudenes López de Castro, Ramón e Aneiros Pereira, Jaime.

Da comezo a reunión sendo as 12:45 da mañá tras conseguir o Quórum:

Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (3 de Outubro de 2012)

Segundo.- Informes da Decana

Terceiro.- Aprobación, se procede, do informe de resultados anuais do centro (IT01-PM01)

Cuarto.- Aprobación, se procede, do informe de seguimento e resultados do PAT 11/12 (IT01-PC05)

Quinto.- Aprobación, se procede, do informe de seguimento de obxectivos de calidade (IT02-PM01)

Sexto.- Aprobación, se procede, da Política de Calidade e obxectivos do curso 12-13 (IT01-PE01)

Sétimo.- Aprobación, se procede, do Plan de Traballo do SGIC (IT03-PC01)

Oitavo.- Aprobación, se procede, do seguimento do Plan Anual de Mellora do centro 11-12 (IT03-PM01)

Noveno.- Aprobación, se procede, do Plan Anual de Mellora do centro 12-13 (IT04-PM01)

Décimo.- Aprobación, se procede, das alegación ao Informe Final de Seguimento do Master en Ordenación Xurídica do Mercado e ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2010-11

Undécimo.- Rolda aberta de intervencións

Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (3 De Outubro de 2012)

Apróbbase a acta por asentimento.

Segundo.- Informes da Decana

A decana informa en primeiro lugar da situación en que se atopa a bolsa de calidade para o ano 2013. Comenta que mantivo unha reunión co xerente para pedirlle que a persoa encargada de calidade sexa un PAS, pero o xerente dixo que se seguiría coas Bolsas de Calidade pendente da reordenación do persoal que vaise realizar próximamente.

En segundo lugar informa de que concedeuse unha prórroga para a renovación das acreditacións de titulacións oficiais que vencían no curso 2012/2013 ata o curso 2014/2015. En terceiro lugar, chegou o informe definitivo do VAD 10/11, onde tralas alegacións oportunas, mellorouse a valoración do centro pasando de 3.25 a 3.54.

Terceiro.- Aprobación, se procede, do informe de resultados anuais do centro (IT01-PM01).

Apróbbase por asentimento.

Cuarto.- Aprobación, se procede, do informe de seguimento e resultados do PAT 11/12

(IT01-PC05).

Apróbase por asentimento.

Quinto.- Aprobación, se procede, do informe de seguimento de obxectivos de calidade (IT02-PM01).

Apróbase por asentimento.

Sexto.- Aprobación, se procede, da Política de Calidade e obxectivos do curso 12-13 (IT01-PE01).

Apróbase por asentimento.

Sétimo.- Aprobación, se procede, do Plan de Traballo do SGIC (IT03-PC01)

Aprobase por asentimento.

Oitavo.- Aprobación, se procede, do seguimento do Plan Anual de Mellora do centro 11-12 (IT03-PM01)

Realizouse unha puntualización nunha das accións de mellora dado que aínda estaba en proceso de execución e aprobase a modificación por asentimento.

Noveno.- Aprobación, se procede, do Plan Anual de Mellora do centro 12-13 (IT04-PM01)

Se modifican algúns dos indicadores de seguimento propostos e incorpóranse tres acción de mellora tal e como se reflexa no documento público. Apróbase as modificacións por asentimento.

Décimo.- Aprobación, se procede, das alegacións ao Informe Final de Seguimento do Máster en Ordenación Xurídica do Mercado e ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2010-11

Apróbanse por asentimento.

Undécimo.- Rolda aberta de intervencións

Toma a palabra a Decana, para solicitar unha maior colaboración aos coordinadores de máster a través da súa asistencia ás comisións das que forman parte.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión ás 13:20 do día sinalado, do que dou fe como secretaria.

A Secretaria

M^a del Mar Rodríguez Domínguez